

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ACOMPAÑAMENTO Á MANCOMUNIDADE DO SALNÉS DURANTE A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SANXENXO E O GROVE: POLOS TURÍSTICOS INTELIXENTES".

TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 57.851,24 € SEN IVE (1 ANO + 1 PRÓRROGA)

PRESUPOSTO BASE: 28.925,62 €; IVE: 6.074,38 €; TOTAL: 35.000,00 € (1 ANO)

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Publicada unha convocatoria por parte de Red.es (entidade pública adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos e de Transformación Dixital), para a concesión de axudas no marco do Plan Nacional de Territorios Intelixentes; unha iniciativa que ten como obxectivo transformar as cidades turísticas en cidades intelixentes, de acordo ao modelo de destino intelixente, que propón a mellora dos servizos cun desenvolvemento máis sostible e enerxeticamente eficiente.

Presentado pola Mancomunidad do Salnés o proxecto denominado "Sanxenxo e O Grove: Polos Turísticos Intelixentes" na convocatoria de "Destinos Turísticos Intelixentes" ante Red.es.

Resultando beneficiaria de dita convocatoria, que persegue impulsar a aplicación das TIC's ao funcionamento de entidades locais turísticas, de modo que se configuren territorios intelixentes con servizos competitivos que garantan un desenvolvemento sostible, accesible e de mellor calidade.

Para desenvolver o citado proxecto, faise necesaria a contratación dunha asistencia técnica que vele polo correcto desenvolvemento do proxecto durante a súa execución; o que implica realizar unha serie de tarefas, tales como a coordinación das mesmas; o apoio na toma de decisións, ademais do seu seguimento, entre outras.

A materialización desta acción vaise levar a cabo mediante un contrato de servizos, consistente na prestación dunha serie de accións no acompañamento á Mancomunidad do Salnés, con todo o que conleva o desenvolvemento do proxecto.

Visto o informe de insuficiencia de medios.

Vista a memoria xustificativa na que acredita a necesidade de levar a cabo a contratación do servizo.

Visto o expediente de contratación do servizo incoado, por procedemento aberto, para a prestación dunha serie de accións no acompañamento á Mancomunidad do Salnés, con todo o que conleva o desenvolvemento do proxecto.

Redactados o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Emitidos os informes de Intervención e Secretaría.

Existindo consignación suficiente na aplicación do orzamento de gastos prorrogado para o ano 2023, nº 491.222.99.

Á vista das características e do importe do contrato, óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto.



Visto que, como órgano de contratación, correspóndelle á Presidencia a adxudicación do contrato e demais actos precisos para a tramitación do expediente, así como os relativos á interpretación, modificación, suspensión ou resolución do mesmo.

Examinada a documentación que o acompaña; visto o informe de Secretaría e, de conformidade co establecido no artigo 117 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, esta PRESIDENCIA **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de asistencia técnica que vele polo correcto desenvolvemento do proxecto durante a súa execución.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación presupostaria nº 491.222.99.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días naturais desde o día seguinte ao da publicación.

QUINTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular, o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Mándao e asíno a Presidenta, do que eu, como secretaria, dou fe. En Cambados, á data da firma electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral

A SECRETARIA,
M^a Carmen Merino Moína

